


# 1 ESATA - eSATAp

A interface **external SATA** (eSATA o ESATA) foi estandarizada a mediados de 2004, con definicións específicas de cables, conectores e requisitos da sinal para unidades externas.



eSATA eSATAp

- A velocidade máxima do eSATA é de 150 MB/s.
- A lonxitude do cable pode chegar a 2 metros (USB e Firewire permiten maiores distancias).
- Normalmente, teñen a capacidade de configurar os discos en RAID 0 e RAID 1.

Unha variante deste conector é o **eSATAp** (tamén denominado Power over eSATA, eSATA/USB combo, eSATA alimentado). Como o seu nome indica combina no mesmo conector o eSATA cun USB 2.0 para permitir a alimentación do dispositivo conectado. Neste conector tamén é posible conectar un dispositivo USB.

-- [Volver](#)